

## 2º CURSO BACHARELATO: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Levarase a cabo un sistema de **avaliación continua**, é dicir, a **cualificación final ordinaria** basearase no resultado obtido polo alumno nas tres avaliacións asignando a cada unha delas, unha porcentaxe diferente que será a seguinte:

**-Primeira avaliación: 15%**

**-Segunda avaliación: 25%**

**-Terceira avaliación: 60%**

A porcentaxe se incrementa da primeira á terceira avaliación xa que, tendo en conta que tratase dunha materia de contido progresivo, os diferentes contidos acumularanse dunha proba á seguinte e dun trimestre ao outro sendo o terceiro aquel no que se avaliarán un maior número de contados.

Para o **cálculo das notas** terase en conta as seguintes **porcentaxes**:

<b>Proba ABAU:</b>  <i>Listening:15%</i>  <i>Proba escrita: 85%</i>	<b>70%</b>
<b>Coñecementos lingüísticos: Gramática, vocabulario, fonética:</b>	<b>20%</b>
<b>Outros</b>	<b>10%</b>

## LIBRO DE LECTURA:

Os alumnos poden obter ata 0.5 puntos extra en cada avaliación facendo un traballo logo de ler, de xeito voluntario, un LIBRO DE LECTURA.

De este modo, poténciase a lectura extensiva por parte do alumnado. O alumno selecciona un libro, preferentemente da biblioteca do centro, acorde ó seu nivel e realiza un traballo oral seguindo as pautas indicadas polo profesor. Na **avaliación ordinaria, a lectura de libros** e posterior realización de traballos sobre os mesmos, incrementa a nota dos alumnos desta maneira: Se un alumno leu un libro durante o curso, engadirase 0.15 puntos á cualificación obtida, se leu dous libros engadiráanse 0.3 puntos á súa nota e 0.5 puntos se leu tres libros.

- Dado o carácter acumulativo da materia, se un alumno suspende una avaliación, poderá recuperala na seguinte e polo tanto, non haberá recuperacións.
- **O alumno aprobará a materia Lingua Estranxeira (Inglés)2º BACHARELATO se alcanza a puntuación de 5,00 puntos na avaliación ordinaria.**

## PROBA EXTRAORDINARIA:

Nas probas extraordinarias as porcentaxes modificaranse dado que non se poden realizar probas de listening .Por ser unha proba extraordinaria non se terá en conta o traballo diario do alumno.

Será unha **proba escrita tipo ABAU** á que se lle aplicará o **100% da porcentaxe**.

Para superar a materia, o alumnado terá que obter a cualificación mínima de 5,00 puntos.

## PUNTUALIZACIÓN

- Se durante as probas escritas o alumno é sorprendido copiando o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta a todos os efectos na nota de avaliación.